

FACTURACIÓN ELECTRÓNICA (CONCELLO DE MELIDE)

A lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público, regula a obrigatoriedade para as entidades locais de dispor dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas expedidas ao seu nome.

O artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, establece que todos os provedores que entregasen bens ou prestado servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e a súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda as entidades seguintes:

- a) Sociedades anónimas.
- b) Sociedades de responsabilidade limitada.
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- e) Unións temporais de empresas.
- f) Agrupacións de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

Nin as persoas físicas nin as comunidades de bens están obrigados a remitir facturas electrónicas mediante FACe, sexa cal sexa a contía destas, podendo presentala no Rexistro Xeral do concello de Melide en formato papel.

Por outra banda, no apartado segundo do artigo 4 do citado texto legal mencionado, da a posibilidade de excluír da obriga de facturar electronicamente en dúas situacións: cando o importe da factura sexa de ata 5.000 €, así como as emitidas por provedores aos servizos no exterior ata que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan de medios e sistemas apropiados para a súa recepción.

En aplicación da previsión contida no último parágrafo do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, quedan excluídas da obriga de facturar electronicamente, aínda que sexan emitidas polas entidades obrigadas ao emprego da factura electrónica, as facturas cun importe de ata 5.000 € IVE incluído.

En todo caso, as facturas emitidas deberán conter todos os datos e información requiridos con carácter xeral.

O Concello de Melide adheriuse ao Punto Xeral de Entradas de facturas da Administración Xeral do Estado (FACE) como solución de intermediación entre quen presenta a factura e a oficina contable competente para o seu rexistro. Déronse de alta en DIR3 as seguintes unidades de Oficina Contable, Órgano Xestor e Unidade Tramitadora:

No Concello de Melide establécese como Oficina Contable: Intervención, Órgano Xestor: Alcaldía e Unidade Tramitadora: Intervención, cos seguintes códigos:

Oficina Contable	<input type="text" value="LA0003832"/>	Órgano Xestor	<input type="text" value="LA0003836"/>	Unidade Tramitadora	<input type="text" value="LA0003832"/>
------------------	--	---------------	--	---------------------	--

Na páxina web do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas www.facturae.gob.es poderase obter a información sobre o procedemento, manuais e programas informáticos precisos para a proceso de envío da factura electrónica.

Se a factura contén albarás ou outro tipo de documentación explicativa, deberase escanear e anexar en dito proceso telemático.